

## ¿QUE ME QUERES, AMOR? (HISTORIA DUNHA CURTAMETRAXE)

MAR VELASCO

**A**mor, queroche falar de cine. De cine galego. Do cine *en galego*. De cine *sobre* Galicia. Do cine *feito por* galegos. De directores, actores, guionistas, escritores galegos levados ó cine. De productoras cinematográficas, escolas e asociacións, de festivais e de premios... De cine, en definitiva. E de Galicia. De Galicia sempre; como telón de fondo, como tema, como escusa. Quero que saibas que todo ese mundo existe, malia que non dea nomes por non deixar fóra a ningúen, nin entre nun xuízo dunha realidade que se me escapa.

Mais, inda que *Fisterra* nos queda moi lonxe, – que lle queres, amor... – nós, modestamente, non iamos quedar fóra de todo isto.

Desde a Universidad Complutense de Madrid, participamos, dalgunha maneira, no que algúñ xa deu en chamar *a hora cero do cine galego*. Tamén, dalgún xeito, nos adiantamos a José Luis Cuerda e a Manuel Gutiérrez Aragón –que che é moito adiantar– na idea de levar ó cine un relato de Manuel Rivas.

No mes de Maio de 1998, durante a *II Semana das Letras Galegas* presentouse a curtametraxe «*¿QUE ME QUERES, AMOR?*», baseada nun conto marabilloso –soe ocorrer– do escritor Manuel Rivas; un conto que vén incluído no libro do mesmo título que mereceu o Premio Nacional de Literatura 1996. Porque –non sei se o conta isto o señor Cunqueiro– din que Merlín de Esmelle tivo, non hai moito, un discípulo rebelde ó que lle falaban as fontes e os paxaros... Pois ben, para mim que era o Rivas. Non hai máis que velo, sempre enfeitizando por aí, cunha variña (máxica, evidentemente) de toxo dourado nas mans... Un construtor de escaleiras de caracol para almas e sensibilidades, que subiu á miña o día que o oíñ falar dun cabalo salvaxe que corría polas chairas dos soños dun neno... Non hai dúbida. Ten que ser el. (E o de que estea a recibi-las mellores críticas gracias á súa

novela menos luminosa, non pode ser máis que outro feitizo dos seus...) Pero eu non quería falar hoxe de Manuel Rivas, o escritor. Eu só quería falar da pequena gran historia dunha curtametraxe que encheu durante un tempo media vida dos que a fixeron. Eu fun testemuña desta primeira experiencia cinematográfica dun grupo de alumnos e profesores da Facultad de Filología da Universidad Complutense. Fun testemuña e podo asegurarvos que o traballo non foi precisamente un camiño de rosas...

A idea xestouse no verán de 1997. O inicio do curso, convocáronse ós estudiantes de lingua galega para a redacción dos guións, previo permiso do autor do libro. Trala selección, comenzaron os ensaios. Durante os meses de Marzo, Abril e Maio tivo lugar a rodaxe na que, xunto ós actores, participaron máis de corenta extras, todos eles estudiantes, profesores e familiares de alumnos interesados pola lingua galega. Un impulso máis para o mellor coñecemento desta lingua na Universidad Complutense.

Co apoio da Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e coa colaboración da Titulación de Filología Románica da Universidad Complutense, foi posible a coproducción na rodaxe coa Facultad de Humanidades, Comunicación y Documentación da Universidad Carlos III.

A música chegounos da man dun gaiteiro de Marín, Andrés Fariña, que musicou a cantiga de Fernando Esquío (trobador galego de finais do século XIII) que deu nome ó libro e máis tarde ó curto:

«Amor, a ti me venh' ora queixar  
de mha senhor, que te faz enviar  
cada hu dormo sempre m'espertar  
e faz-me de gran coyta sofredor.  
Poys m'ela non quer veer nen falar  
*que me queres, Amor?*»

O grupo XEQUE MATE deixounos a «Redonda de Lobeira», un baile elegante coa elegancia que só se adquire coa idade. A herdanza da noite. Un baile coa nobreza da xente maior, vencellada á fermosa friaxe das terras de Lobeira. E mailo «Penedo dos Tres Reinos», unha melodía á sombra dos antigos reinos de Galicia, Castela e Portugal. Un luxo de banda sonora que puido ser gravada en CD gracias á colaboración da RTVG.

Finalmente, o 14 de Maio, no paraninfo da Facultad de Filoloxía, o curto presentouse ó público

co (entre o que se atopaba Manuel Rivas) e días máis tarde, no Ateneo de Madrid.

Seguramente a AGAPI (Asociación Galega de Productores Independentes) non nos vai dar este ano o premio á mellor curtametraxe, e seguramente tampouco imos ser seleccionados para o «OFF» —«Ourense Film Festival»— (¿?), nin para o Festival de Cine Galego e Irlandés da Coruña, nin sequera para os «Oscar» eses, nin nada... É igual. Puxémoslo noso cinematográfico gran de area. E pasámolo ben. «*¿Que MÁIS queres, amor?*».

**FICHA TÉCNICA****¡QUE ME QUERES, AMOR ?**

Baseado nun conto de Manuel Rivas

**Sinopse :** Sen traballo nin perspectivas de futuro, Tino decide atraca-lo supermercado no que traballa Lola, a rapaza dos seus soños. A morte do protagonista durante o atraco poñerá de manifesto a inco-municación humana.

**Idea:** Daniel Moisés Sáez e Ana Acuña

**Dirección:** Noemí Martínez e Patricia Esteban

**Producción:** Ana Acuña

**Guión:** Noemí Martínez e Patricia Esteban.

**Ficha artística:**

LOLA.....	Sara Gregorio
TINO .....	Eduardo Requejo
DOMBO .....	Julio Reija
NAI DE TINO.....	Carmen Mejía
FA .....	Mª. Victoria Navas

ATRACADORES .....	Mario García
	Javier Cuesta
GARDA XURADO .....	Daniel Escorial
CAIXEIRAS.....	Carmen Vicente
	Ana Bernaldo de Quirós
	Lara Balirac
«PERLA».....	Linda, a cadelíña

**Equipo Técnico:**

Cámara e Montador : Carlos Sardón

Axudante de cámara: Menchu Fernández

Iluminación: C.Sardón e M.Fernández

Maquillaxe e perruquería: Ismael e Carmen Vicente

Directora de dobraxe: Isabel Romeo

**B.S.O.:**

Adrián Fariña

Xequ Mate

**Cartel e Making off**

Teo Navarro

# QUE ME QUERES AMOR

baseado nun conto de manuel rivas

